

Praza número: 25/1026

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Substituto/a

Dedicación: Parcial P06

Área de coñecemento: Didáctica da Lingua e a Literatura

Departamento: Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e

Diagnóstico en Educación

Centro: Facultade de Ciencias da Educación

ACTA DE CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN

En A Coruña, ás 10.00 horas do 28 de xullo, para cumprir os requisitos a que alude o artigo 17.2. da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, constitúese a comisión que vai xulgar o concurso que arriba se indica, coa asistencia dos seguintes membros que manifestan que non están incursos en ningunha das causas de abstención previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, nin en situación que se poida cualificar de conflito de interese, establecidas no artigo 32.4 do Real decreto 678/2023:

Presidencia: Rocío Chao Fernández

Secretaría: Pablo Cano López

Vogal: Begoña Lasa Álvarez

Rep. Trab. (s/voto): José María Mesías Lema

Na Coruña, a 28 de Xullo do 2025

A presidencia da comisión

Praza número: 25/1026

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Substituto/a

Dedicación: Parcial P06

Área de coñecemento: Didáctica da Lingua e a Literatura

Departamento: Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e

Diagnóstico en Educación

Centro: Facultade de Ciencias da Educación

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A comisión de selección do concurso arriba indicado, tras a súa constitución, conforme á Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador da Universidade da Coruña, aprobada por Consello de Goberno (7/11/ 2024), ACORDA establecer os seguintes criterios:

Criterio de aplicación xeral

Os méritos na/s especialidade/s de coñecemento da praza obxecto de concurso multiplicaranse por 1:

Didáctica da Lingua Inglesa e a Literatura

Os méritos na/s especialidade/s de coñecemento afíns multiplicaranse por 0,5. A comisión acorda establecer como especialidades de coñecemento afíns as seguintes:

Didáctica doutras linguas e literaturas

Estudos lingüísticos e literarios ingleses

Os méritos nas restantes especialidades de coñecemento entenderanse como non afíns e multiplicaranse por 0,1.

No apartado de formación académica a comisión acorda considerar especialidades de coñecemento da praza obxecto de concurso as seguintes titulacións, méritos que se multiplicarán por 1:

Mestre/a en Educación Infantil

Mestre/a en Educación Primaria

Filoloxía Inglesa e graos equivalentes

Consideraranse afíns as seguintes e multiplicaranse por 0,5:

Outras Filoloxías e graos equivalentes

O resto das titulacións consideraranse non afíns e multiplicaranse por 0,1.

Criterios específicos

Todos os puntos que non estean incluídos nestes criterios específicos valoraranse de acordo co establecido no baremo da citada Normativa incluído no anexo I e segundo a ponderación por especialidades de coñecemento establecida nos parágrafos anteriores.

Praza número: 25/1026

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Substituto/a

Dedicación: Parcial P06

Área de coñecemento: Didáctica da Lingua e a Literatura

Departamento: Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e

Diagnóstico en Educación

Centro: Facultade de Ciencias da Educación

I. EXPERIENCIA DOCENTE. Puntuación máxima: 100 puntos

I.2. Calidade docente. Puntuación máxima: 20 puntos

Manuais e libros de texto con finalidade docente universitaria (máximo de 4 puntos por cada manual/libro). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

- Manuais ou libros de texto universitarios: 4 puntos por publicación
- Manuais ou libros de texto para niveis non universitarios: 2 puntos por publicación
- Capítulos de manuais ou libros de texto universitarios: 1 punto por publicación
- Unidades docentes ou material semellante de distintos niveis educativos: 0, 5 puntos por publicación.

CORRECCIÓNS POR NÚMERO DE AUTORES/AS

- Multiplicarase por 1: de 1 a 4 autores/as.
- Multiplicarase por 0,5: de 5 a 6 autores/as.
- Multiplicarase por 0,25: máis de 6 autores/as.

Nota: Só se valorará material docente impreso ou dixital que conte con ISBN, Depósito Legal e/ou DOI. Valoraranse tamén materiais docentes e recursos educativos que estean dispoñibles a través de repositorios institucionais ou xeneralistas e que estean protexidos por licenzas do tipo Creative Commons.

Participación en proxectos docentes ou en grupos de innovación docente (máximo de 4 puntos en cada caso). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

- Coordinación ou dirección dun proxecto de innovación docente: 4 puntos.
- Participación nun proxecto de innovación docente: 2 puntos.
- Coordinación ou dirección dun grupo de innovación docente: 2 puntos por ano.
- Participación nun grupo de innovación docente: 1 punto por ano.
- Outras actividades de innovación docente: até 0,2 puntos.

Nota: Nesta sección só obterán puntuación aqueles proxectos ou grupos de innovación recoñecidos por organismos universitarios, administracións educativas e asociacións recoñecidas na área.

Estadías docentes (máximo de 2 puntos). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

0,25 puntos por mes.

Praza número: 25/1026

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Substituto/a

Dedicación: Parcial P06

Área de coñecemento: Didáctica da Lingua e a Literatura

Departamento: Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e

Diagnóstico en Educación

Centro: Facultade de Ciencias da Educación

Mobilidade docente STA ou similar (máximo de 2 puntos). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

0,25 puntos por mes.

Premios e recoñecementos docentes (máximo de 2 puntos). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

- Premio á docencia universitaria de calidade ou premio á innovación docente de excelencia: 1 punto
- Outros premios: 0,25 puntos

Nota: Nesta sección só obterán puntuación aqueles premios outorgados por organismos universitarios, administracións educativas e asociacións recoñecidas na área.

III. EXPERIENCIA INVESTIGADORA E DE TRANSFERENCIA. Puntuación máxima: 100 puntos

III. 1. Publicacións científicas (artigos en revistas científicas, libros e capítulos de libro).

Puntuación máxima: 40 puntos

Coeficiente multiplicador entre 0.25 e 1 que poderá ter en conta o número de autores/as da publicación e, no caso das revistas, a súa posición na base de datos. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

Revistas indexadas na Web of Science (Journal Citation Report) e SJR/Scopus (Q1 e Q2)
2,5 puntos por contribución.

Revistas indexadas na Web of Science (Journal Citation Report) e SJR/Scopus (Q3 e Q4)
1,6 puntos por contribución.

Publicacións na ESCI (Emerging Sources Citation Index) 1,4 puntos
por contribución.

Publicacións indexadas en Índice Dialnet de Revistas (IDR), ERIHPlus ou con selo de calidade FECYT 0,5 puntos por contribución.

Publicacións indexadas noutras bases de datos 0,25 puntos por contribución.

Publicacións sen indexar 0,15 puntos por contribución.

Recensións en revistas recoñecidas da área 0,1 puntos por contribución.

- Outras publicacións 0,05 puntos por contribución.

Praza número: 25/1026

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Substituto/a

Dedicación: Parcial P06

Área de coñecemento: Didáctica da Lingua e a Literatura

**Departamento: Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e
Diagnóstico en Educación**

Centro: Facultade de Ciencias da Educación

CORRECCIÓNS POR NÚMERO DE AUTORES/AS

- Multiplicarase por 1: de 1 a 4 autores/as.
- Multiplicarase por 0,5: de 5 a 6 autores/as.
- Multiplicarase por 0,25: máis de 6 autores/as.

Nota: Na medida do posible, seguiranse criterios semellantes aos aplicados dende a CNEAI, polo que non se valorarán: (i) entrevistas, resumos, tarefas de redacción ou semellantes, divulgación, difusión, opinión, propostas, materiais docentes, actas de congresos, independentemente de cal sexa o soporte no que estean publicadas; (ii) máis dunha publicación nun número dunha revista (só se valorará unha das contribucións); (iii) seis ou máis publicacións nunha mesma revista nun período de seis anos (agás se o medio é de moi alta calidade e/ou supón unha das escasas canles para a difusión de traballos por tratarse de áreas de coñecemento moi específicas ou ter restricións de publicación por mor do idioma; neste caso, a revista na que se publica de xeito recorrente debe ser considerada un referente para as persoas especialistas da área).

Os libros e os capítulos de libro valoraranse tendo en conta o prestixio editorial. A puntuación máxima por un capítulo de libro será de 1 punto; a dun libro, de 5 puntos. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

Autoría de libro completo (SPI Q1 ou Q2 de editoriais internacionais ou Q1 de editoriais nacionais)..5 puntos por contribución.

Autoría de libro completo (SPI Q3 ou Q4 de editoriais internacionais ou Q2 de editoriais nacionais)....4 puntos por contribución.

Autoría de libro completo (SPI Q3 ou Q4 de editoriais nacionais) 3 puntos por contribución.

Autoría de libro completo fóra de SPI até 3 puntos por contribución.

Autoría de capítulo (SPI Q1 ou Q2 de editoriais internacionais ou Q1 de editoriais nacionais) 1 puntos por contribución.

Autoría de capítulo (SPI Q3 ou Q4 de editoriais internacionais ou Q2 de editoriais nacionais).....0,75 puntos por contribución.

Autoría de capítulo (SPI Q3 ou Q4 de editoriais nacionais)0,5 puntos por contribución.

Autoría de capítulo fóra de SPI até 0,5 puntos por contribución.

Edición/Coord., edición crítica ou edición anotada (SPI Q1 ou Q2 de editoriais internacionais ou Q1 de editoriais nacionais).....2,5 puntos por contribución.

Edición/Coord. (SPI Q3 ou Q4 de editoriais internacionais ou Q2 de editoriais nacionais).....2 puntos por contribución.

Praza número: 25/1026

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Substituto/a

Dedicación: Parcial P06

Área de coñecemento: Didáctica da Lingua e a Literatura

**Departamento: Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e
Diagnóstico en Educación**

Centro: Facultade de Ciencias da Educación

Edición/Coord. (SPI Q3 ou Q4 de editoriais nacionais)..... 1,5 puntos por contribución.

Edición crítica ou anotada fóra de SPI.....até 1,5 puntos por contribución.

Nota sobre libros e capítulos: Será empregado como referencia o índice SPI (Clasificación Xeral). No caso das editoriais non contempladas no SPI, serán atendidos os seguintes criterios: colección universitaria, presenza de comité científico internacional, sistema de selección de orixinais público con avaliación externa previa á publicación.

CORRECCIÓN POR NÚMERO DE AUTORES/AS

- Multiplicarase por 1: de 1 a 4 autores/as.
- Multiplicarase por 0,5: de 5 a 6 autores/as.
- Multiplicarase por 0,25: máis de 6 autores/as.

Nota: Na medida do posible, seguiranse criterios semellantes aos aplicados dende a CNEAI, polo que non se valorarán: (i) entrevistas, resumos, tarefas de redacción ou semellantes, divulgación, difusión, opinión, propostas, materiais docentes, actas de congresos, independentemente de cal sexa o soporte no que estean publicadas; (ii) máis dunha publicación nun mesmo libro (só se valorará unha das contribucións); (iii) seis ou máis publicacións nunha mesma editorial nun período de seis anos (agás se esta é de moi alta calidade e/ou supón unha das escasas canles para a difusión de traballos por tratarse de áreas de coñecemento moi específicas ou ter restricións de publicación por mor do idioma; neste caso, a editorial na que se publica de xeito recorrente debe ser considerada un referente para as persoas especialistas da área).

III.2. Comunicacions en reunións científicas. Puntuación máxima: 5 puntos

Cada contribución valorarase cun máximo de 0,5 puntos. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

- Relatorios ou conferencias por convite en congresos internacionais: 0,5 puntos por contribución.
- Relatorios ou conferencias por convite en congresos nacionais: 0,4 puntos por contribución.
- Comunicacions en congresos internacionais: 0,3 puntos por contribución.
- Comunicacions en congresos nacionais: 0,2 puntos por contribución.
- Pósters en congresos internacionais: 0,1 puntos por contribución.
- Pósters en congresos nacionais: 0,05 puntos por contribución.
- Outros: até 0,1 puntos por contribución.

Praza número: 25/1026

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Substituto/a

Dedicación: Parcial P06

Área de coñecemento: Didáctica da Lingua e a Literatura

**Departamento: Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e
Diagnóstico en Educación**

Centro: Facultade de Ciencias da Educación

CORRECCIÓNS POR NÚMERO DE AUTORES/AS

- Multiplicarase por 1: de 1 a 4 autores/as.
- Multiplicarase por 0,5: de 5 a 6 autores/as.
- Multiplicarase por 0,25: máis de 6 autores/as.

III.7. Accións de transferencia e divulgación. Puntuación máxima: 10 puntos

Puntuación máxima de 2 puntos por cada mérito alegado. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

Transferencia:

- Patentes, rexistros da propiedade intelectual: até 1 punto por contribución.
- Comisariado ou organización de exposicións: até 2 puntos por contribución.
- Outras actividades de transferencia: até 0,5 puntos por contribución.

Nota. A puntuación será outorgada en función da calidade, relevancia e duración do mérito, así como da súa ligazón coa praza en concurso. No caso dos rexistros da propiedade intelectual consideraranse só produtos que impliquen a transferencia de resultados de investigación (non rexistros de publicacións). No caso do comisariado ou organización de exposicións, a valoración deberá asignarse tendo en conta a súa relevancia e a función desempeñada pola persoa aspirante.

Divulgación:

- Publicacións de carácter divulgativo ou en medios non especializados: até 1 punto.
- Impartición de conferencias, cursos e seminarios de divulgación científica: até 1 punto.
- Organización de xornadas de divulgación científica: até 1 punto.
- Outras actividades de carácter divulgativo: até 0,5 puntos.

Nota. A puntuación outorgarase en función da calidade, relevancia e duración do mérito, así como da súa ligazón coa praza en concurso.

Na Coruña , a 28 de xullo do 2025

A presidencia da comisión